

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre os problemas e irregularidades detectadas nos catering escolares establecidos nos centros educativos galegos.

Lentellas fermentadas, caldo frío e en mal estado, bandexas que se derreten nos fornos de recuperación de calor, alimentos con aspecto deplorable e elaborados en locais clausurados... son só algúns dos exemplos coñecidos en datas recentes dos catering escolares nos que comían cada día 2800 alumnas e alumnos galegos.

A situación alcanzou tal nivel de gravidade que levou ao Goberno galego a suspender a concesión ás dúas empresas malagueñas de catering, encargadas de dar a comida diariamente a un total de 20 centros escolares do noso país.

A crise dos catering, demostra o fracaso do modelo privatizador imposto polo PP no noso país e que está a provocar graves problemas, deficiencias e riscos para os nenos e nenas usuarias deste servizo. A realidade e o acontecido nestes días, deixa en evidencia a imposibilidade do Goberno galego de garantir a calidade dos menús dos case 12.000 escolares que empregan este servizo nos diferentes centros escolares do noso país.

Alternativa Galega de Esquerda leva tempo advertindo das consecuencias do modelo privatizador dos comedores escolares públicos galegos, que levou ao

Goberno galego a duplicar o número de catering nos colexios dende a chegada de Núñez Feijóo á presidencia da Xunta de Galicia, pasando dos 74 a 133 comedores escolares con servizo de catering da actualidade, o que representa xa o 30 por cento do total a través desta modalidade.

AGE defende que os comedores escolares sexan 100% públicos e presten o seu servizo a través da xestión directa da Xunta de Galicia, con alimentos frescos e saudables, con menús elaborados nas propias cociñas dos colexios, empregando o comercio local e os circuítos curtos de comercialización e garantindo en definitiva, unha alimentación saudable dos rapaces e das rapazas.

A comida dos servizos de catering, chega aos centros escolares despois de ser precociñada, prequentada e tras percorrer grandes distancias, o que sen dúbida inflúe de xeito determinante na calidade da mesma e facendo moi complicado garantir as máximas cualidades nutricionais e de salubridade dos alimentos.

Para maior gravidade, con frecuencia, as empresas concesionarias non son nin tan sequera galegas o que deixa sen escusa ao Goberno galego, que tantas veces acude á xustificación da dinamización do emprego no noso país.

A única motivación do Goberno galego do PP por manter e fomentar este tipo de catering semella ser unha vez máis dar negocio ás empresas privadas, nesta ocasión nin tan sequera galegas, cargando ademais o custe ás familias galegas. Os números así o demostran. Co novo decreto de comedores, un novo repago, pagan mais diñeiro un número maior de familias, que neste momento están a asumir o 29 por cento dos orzamento para os comedores escolares. De feito, o suposto incremento orzamentario dos comedores escolares do que tanto presume o Goberno galego non é outra cousa que unha nova carga nas familias sendo estas as que asumen a creación das novas prazas de comedor a través de empresas de catering e incrementando así o negocio para estas empresas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Considera o Goberno galego que a comida precociñada, prequentada e transportada grandes distancias, é o mellor xeito de garantir as máximas cualidades nutricionais e de salubridade dos alimentos que se serven nos comedores escolares de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 17/11/2015 17:21:44

Jose Javier Ron Fernandez na data 17/11/2015 17:21:52